



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O 20 DE OUTUBRO DE 2015.-

Casa do Concello Ponteareas 20 de outubro de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Giráldez Represas, asistindo a secretaria accidental dona Pilar Rodríguez Domínguez, están reunidos os señores concelleiros dona M^a Jesús Garrote Represas, dona M^a Cristina Fernández Davila (que se incorpora no punto 2), dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco F. Alonso Pedreira, don Benito Marquez Castro, dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez, don Salvador González Solla, dona M^a Belén Villar González, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Jesús Manuel Cao Vila, don Domingo Freitas Dalmeida, don Andrés Sampedro Fernández, dona Maria Soledad Valado Pérez, don Juan Carlos González Carrera, dona Raquel Bautista Alfaya (que se incorpora no punto 8), e don Lino Costas Vila, non asistindo dona M^a José González Aparicio, con obxecto de levar a cabo sesión ordinaria da Corporación Municipal, convocada previamente para a data e que se celebra en primeira convocatoria. Sendo as 20,02 horas polo Sr. Alcalde iníciase a sesión e de conformidade coa Orde do Día son adoptados os seguintes acordos:

1º) Aprobación, se procede da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de setembro de 2015.

O SR. COSTAS VILA, no punto 10 da orde do día inclúese unha moción do GMS sobre a marcha estatal contra as violencias machistas, pode ser que non cheguemos a seu debate, solicito que se trate antes.

O SR. LAGO MORIÑA, a miña comparecencia ven precedida polos feitos acaecidos no pasado pleno extraordinario, quero pedir disculpas polas accións e pola situación creada, non só ao grupo de goberno senón a todos os grupos municipais. Disculpas, non se deben repetir os feitos.

Nos últimos plenos hai tensión, non baixar o ritmo, pero aquí vimos a resolver os problemas, a traballar en conxunto.

Aplausos.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, aceptamos as disculpas, pola nosa parte tamén disculpas. A tensión é porque non se traen as mocións do PP, pero sí se trae a comparecencia dunha concelleira que non está rexistrada de entrada. Pido que se teña en conta a orde de entrada das mocións.

Disculpas.

VOTACIÓN Á ACTA.-O SR. ALCALDE somete a votación a acta da sesión celebrada o 15 de setembro do 2015, co resultado de unanimidade a favor dos membros presentes (18 votos a favor).

A acta queda aprobada.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, se someterá a Corporación a solicitude formulada polo Sr. Costas Vila, logo haberá tempo de falar sobre mocións de urxencia.

Incorpórase á sesión a concelleira dona Cristina Fernández Davila.

2º) Dar conta das Resolucións ou Decretos ditados polo Alcalde ou concelleiros delegados, durante o período comprendido entre o 7 de setembro ó 2 de outubro de 2015.

A Corporación Municipal queda enterada das seguintes resolucións e decretos ditados pola Alcaldía:

RELACIÓN DECRETOS E RESOLUCIÓN PARA PLENO ORDINARIO DE 20 DE OUTUBRO DE 2015.

Período dos Decretos e Resolucións: **do 7 de setembro de 2015 ó 2 de outubro de 2015.**

Empezan co número **1668.15 do 7 de setembro de 2015** e rematan co número **1815.15 de 2 de outubro de 2015.**

C O N T I D O:

ALTAS no Padrón Municipal de Habitantes: Trinta e sete (37).

BAIXAS no Padrón Municipal de Habitantes: Catro (4).

CAMBIOS DE ENDEREZO no Padrón Municipal de Habitantes: Trinta e catro (34).

ORDENACIÓNS DE PAGOS: dezanove. (19).

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA: Un (1)

PAGOS A XUSTIFICAR: Dous (2)

APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DE TAXAS: Oito (8).

EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: Nove (9)

RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO: Dous (2)

REINTEGRO GASTOS: Sete (7)

CONVOCATORIAS DE PLENOS, XUNTAS DE GOBERNO E COMISIÓNS INFORMATIVAS: Dezaseis (16).



DESESTIMACIÓN RECURSOS E OUTORS: Seis (6).

LICENZAS TENZA DE ANIMAIS E OUTROS: Dous (2)

CONTRATAÇÃO DE PERSOAL: Tres (3).

OFERTAS DE EMPREGO: Un (1)

NOMEAMENTO DE TRIBUNAIS: Un (1)

EXPEDIENTES POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN E SEGURIDADE VIAL: Un (1).

NOMEAMENTO FUNCIONARIOS PARA CARGOS ACCIDENTAIS: Dous (2)

RECTIFICACIÓN ERROS: Un (1)

AUTORIZACIÓN FESTEXOS E OUTROS: Dous (2).

INICIO PERIODO COBRANZA DEPÓSITOS PREVIOS: Tres (3)

Nº 1745.15.- Concedendo suspensión de mutuo acordo contrato de traballo a don Roberto Tato Bello.

Nª 1770.15.- Adjudicando o contrato menor obras CONSTRUCCIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO DE ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA AO BARIO DE CILLARGA á empresa Construcciones Laureano Covelo S.A.

Nº 1787.15.- Aprobando certificación nº1-única das obras CONSTRUCCIÓN E AMPLIACIÓN DEPORTIVAS NA ÁREA RECREATIVA A FREIXA, PONTEAREAS.

Nº 1792.15.- Exixindo como requisito previo para a entrega dun vehículo ao seu propietario a liquidación e cobro das taxas que correspondan pola prestación do servizo de enganche, retirada e depósito de vehículos.

3º) Dar conta da execución do estado de gastos e ingresos do presuposto correspondente ó 2º trimestre do 2015, así como do movemento de Tesourería por operacións presupostarias e non presupostarias.

O SR. ALCALDE, a información estivo a disposición dos concelleiros na carpeta do Pleno, conta co informe de intervención.-

A Corporación Municipal queda enterada do informe do interventor de data 30-09-15, no que se da conta do estado de gastos e ingresos do presuposto



correspondente ó 2º trimestre do 2015, así como do movemento de Tesourería por operacións presupostarias e non presupostarias.

4º) Proposta do Goberno Municipal do 14 de outubro de 2015, para a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

a) Modificación do anexo da Ordenanza reguladora da Taxa polo Servizo de distribución de Auga, Gas, Electricidade e outros abastecementos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análoga, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

b) Modificación do Anexo apartado b) da Ordenanza reguladora da Taxa polo Servizo de Alcantarillado e Depuración de Augas Residuais.

O SR. ALCALDE, da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DO GOBERNO MUNICIPAL DO 14-10-15 sobre modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

-Modificación do Anexo da Ordenanza reguladora da Taxa polo servizo de Distribución de Auga, Gas, Electricidade e outros abastecementos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análoga, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

-Modificación do Anexo apartado b) da Ordenanza reguladora da Taxa polo Servizo de Alcantarillado e Depuración de Augas Residuais.

Visto o dictame da Comisión Informativa Especial de Contas e Facenda do 14-10-15.

Visto informe do interventor do 28-09-15.

Esta Alcaldía en nome do Goberno Municipal propón:

**“PROPOSTA
O CONCELLO - PLENO**

VIAQUA é a concesionaria do Servizo municipal de Augas e Depuración de Augas Residuais do Concello de Ponteareas, e segundo o Contrato en vigor as taxas deben revisarse cada ano dacordo coas variacións que experimente o IPC.

A Variación do IPC interanual publicado polo Instituto Nacional de Estadística (INE) foi de -0,4%.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A modificación das cuantías dunha taxa preexistente, cando se deriven de actualizacións de carácter xeral, como é o IPC, non son modificacións substanciais, senon que correspóndense co mantemento de valores constantes da presión fiscal.

No caso da concesión que ten a empresa VIAQUA, o Concello debe garantir o equilibrio financeiro axustando a tarifa dos usuarios de xeito que se cubran os custos da concesionaria. Neste caso o ser o IPC -0,4%, a adopción deste acordo supón un menor custe para os usuarios do servizo municipal de augas e depuración de augas residuais, e ningún efecto presupostario para o Concello.

A empresa VIAQUA presentou escrito no rexistro municipal o pasado 23-09-15 solicitando que se aproben as novas taxas de auga e depuración de augas residuais, para o ano 2016, segundo a variación do IPC que foi do -0,4%.

Por todo ilo, logo do informe da Intervención municipal, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

-Aprobar inicialmente.-

1-Modificación do Anexo da Ordenanza reguladora da Taxa polo servizo de Distribución de Auga, Gas Electricidade e outros abastecimentos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalación análoga, cando ditos servizos ou suministros sexan prestados por entidades locais, quedando co seguinte detalle:

ANEXO

PRIMEIRO-TARIFA

TAXA DE AUGA	ANO 2016
---------------------	-----------------

USOS DOMESTICOS

Cota de servizo tratamento	3,44 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes	0,3725 €/m ³
De 15 a 20 m ³ /mes	0,4143 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes	0,4502 €/m ³

USOS COMERCIAIS

Cota de servizo tratamento	4,54 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes	0,4143 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes	0,4372 €/m ³

USOS INDUSTRIAIS E OBRAS



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Cota de servizo tratamento		6,81 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,4502 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes		0,5289 €/m ³

CONSERVACION DE CONTADORES		ANO 2016
Cota por contador € abonado /mes		0,213 €/ab. mes

OUTRAS TAXAS		AÑO 2016
Taxa de reapertura do subministro por corte de auga		41,15 €
Cota de conexión a rede de auga, por vivenda		186,26 €

O IVE non está incluído.

2-Modificación do Anexo apartado b) da Ordenanza reguladora da Taxa polo Servizo de Alcantarillado e Depuración de Augas Residuais, quedando redactado o Anexo Primeiro -Tarifa, da seguinte maneira:

**ANEXO
PRIMEIRO-TARIFA**

TAXA DO SERVIZO DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS	AÑO 2016
--	-----------------

USOS DOMESTICOS

Cota de servizo		1,38 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,2291 €/m ³
De 15 a 20 m ³ /mes		0,2540 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes		0,2649 €/m ³

USO COMERCIAL

Cota de servizo		1,38 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,2291 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes		0,2540 €/m ³

USO INDUSTRIAL E OBRAS

Cota de servizo		1,38 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,2291 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes		0,2540 €/m ³

OUTRAS TAXAS		AÑO 2016
Cota de conexión a rede de sumidoiros, por vivenda		186,26 €

O IVE non está



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

incluído.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación das ordenanzas, someterase a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP.

No suposto de non formularse alegacións as ordenanzas quedarán aprobadas definitivamente de modo automático, debendo publicarse o seu texto íntegro no BOP para os efectos da súa entrada en vigor. Si se producían alegacións deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación”.

O SR. ALONSO PEDREIRA, trátase de dar cumprimento ao contrato que o concello ten con Viaqua, de actualización do IPC, que foi do -0,4%. Se fai un axuste das tarifas de auga e de augas residuais.

Quedamos pendentes de negociar con Viaqua a liberación da taxa a 700 casas, que non reciben auga tratada pola nova potabilizadora-ETAP, tamén temos intención de abrir a revisión da tarifa para que garde relación co que realmente se consume, ao marxe de que se fixe un mínimo na taxa.

O SR. COSTAS VILA, nos estamos a favor da modificación da taxa, que ten informe favorable.

É certo que a taxa non é adecuada, 15 m³/mes é unha barbaridade, para garantir beneficios á empresa. Débese pagar só polo consumo real.

Facer un compromiso de facer a xestión pública, se pode obter beneficios.

Os contratos de Viaqua, que se estude isto polo goberno antes de rematar o contrato actual .

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, que se debata a moción dita polo Sr. Costas .

En canto ao asunto, se trae en base ao que hai que facer cada ano. Din IPC - 0,4%, é unha baixada de tarifas, é bo pero nos no programa electoral levábamos un consumo responsable, que se cobre polo que se consuma, e a potabilización non existe en certas parroquias.

Apoiamos.

A SRA. GARROTE REPRESAS, o PSOE, está de acordo coa proposta pero como dixo o Sr. Floreal, o PSOE defendeu o consumo responsable, e sobre todo o das 700 vivendas.

Traballamos nesa liña.

Apoiamos a proposta.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, estamos de acordo con todo o dito.

O SR. ALCALDE, non é Sr. Floreal, é Sr. Alonso.

VOTACIÓN Á PROPOSTA.-19 votos a favor, unanimidade a favor dos membros presentes.

Na súa consecuencia a Corporación Municipal acorda:



-Aprobar inicialmente.-

1-Modificación do Anexo da Ordenanza reguladora da Taxa polo servizo de Distribución de Auga, Gas Electricidade e outros abastecimentos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalación análoga, cando ditos servizos ou suministros sexan prestados por entidades locais, quedando co seguinte detalle:

ANEXO

PRIMEIRO-TARIFA

TAXA DE AUGA		ANO 2016
USOS DOMESTICOS		
Cota de servizo tratamento		3,44 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,3725 €/m ³
De 15 a 20 m ³ /mes		0,4143 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes		0,4502 €/m ³
USOS COMERCIAIS		
Cota de servizo tratamento		4,54 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,4143 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes		0,4372 €/m ³
USOS INDUSTRIAIS E OBRAS		
Cota de servizo tratamento		6,81 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,4502 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes		0,5289 €/m ³
CONSERVACION DE CONTADORES		AÑO 2016
Cota por contador € abonado /mes		0,213 €/ab. mes
OUTRAS TAXAS		AÑO 2016
Taxa de reapertura do subministro por corte de auga		41,15 €
Cota de conexión a rede de auga, por vivenda		186,26 €

O IVE non está incluído.

2-Modificación do Anexo apartado b) da Ordenanza reguladora da Taxa polo



Servizo de Alcantarillado e Depuración de Augas Residuais, quedando redactado o Anexo Primeiro -Tarifa, da seguinte maneira:

**ANEXO
PRIMEIRO-TARIFA**

TAXA DO SERVIZO DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS		AÑO 2016
USOS DOMESTICOS		
Cota de servizo		1,38 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,2291 €/m ³
De 15 a 20 m ³ /mes		0,2540 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes		0,2649 €/m ³
USO COMERCIAL		
Cota de servizo		1,38 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,2291 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes		0,2540 €/m ³
USO INDUSTRIAL E OBRAS		
Cota de servizo		1,38 €/trim
Mínimo: ata 15 m ³ /mes		0,2291 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes		0,2540 €/m ³
OUTRAS TAXAS		AÑO 2016
Cota de conexión a rede de sumidoiros, por vivenda		186,26 €

O IVE non está incluído.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación das ordenanzas, someterase a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP.

No suposto de non formularse alegacións as ordenanzas quedarán aprobadas definitivamente de modo automático, debendo publicarse o seu texto íntegro no BOP para os efectos da súa entrada en vigor. Si se producían alegacións deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación”.

5º) Proposta do Alcalde en nome e representación do Goberno Municipal, de data 9 de outubro de 2015, para a aprobación provisional da modificación da ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

Visto o dictame da comisión informativa de Facenda do 14-10-15.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Visto informe do interventor do 15-10-15.

Visto o informe do asesor xurídico do 22-10-15, e os informes das traballadoras sociais municipais do 17-9-15.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, expón a proposta do teor:

“Visto o Decreto 99/2013 do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado pola disposición derradeira primeira do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de Servizos Sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, as entidades locais teñen a obriga de modificar e adaptar as ordenanzas existentes do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, tanto o sistema de dependencia como o de libre concorrencia.

Vistos os informes favorables dos servizos sociais municipais do 17 de setembro, e do Asesor Xurídico do 22 de setembro de 2015.

Polo que en base ó exposto PROPONSE ó Pleno da Corporación:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza municipal reguladora do programa de Axuda no Fogar.

2º) Someter a exposición pública, polo prazo de 30 días hábiles, en inserción do anuncio no BOP e no taboleiro municipal para exame e reclamacións.

3º) Caso de non producirse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coa particularidade de publicarse o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.”

O SR. COSTAS VILA, de acordo coa modificación, supón unha pequena minoración na taxa.

Ademáis creo se debe facilitar a vida as persoas, e apoiar as que teñen menos ingresos.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, de acordo, e unha adaptación á lexislación vixente e conta cos informes e co visto e prace da Xunta, é un trámite.

Votamos a favor.

A SRA. GARROTE, votamos a favor.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, a favor, é adaptala ao decreto 149/2013, e o texto está revisado pola Xunta.

VOTACION Á PROPOSTA.-Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votosa favor).



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Na súa consecuencia a Corporación Municipal acorda:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza municipal reguladora do programa de Axuda no Fogar, do teor:

**“ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO
CONCELLO DE PONTEAREAS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que as desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, **dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente**, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Ponteareas, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Ponteareas.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Ponteareas.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.



Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:
 - a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

- b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
 - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
 - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - III. Preparación dos alimentos.
 - IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
 - V. Apoio á unidade familiar.
 - VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

- d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou



limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.
- e. Servizo de podoloxía.
- f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.



Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñecerem a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñecerem a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.



Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesioal das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.



Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria.
 - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - c. Falecemento da persoa usuaria.
 - d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - e. A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.
3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrência e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Ponteareas, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
4. O Concello de Ponteareas, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
 - b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza.
 - c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Ponteareas e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.
 - d. Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Ponteareas, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

(A modo orientativo)

- a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
 - III. Certificado de convivencia.
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 - 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 - 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 - 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 - 4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo IV.
- c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.



- d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
- e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).
- f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.
2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.
5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.
6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.



3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

3.- Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

Garantiráselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.

4.- Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.



Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

- 1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
- 2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %



Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrancia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 IPREM	60%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Ponteareas, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais



comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 23º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza deroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 226 de 23 de Novembro de 2009, e a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de axuda no fogar por libre concorrencia e a persoas valoradas como dependentes, publicada no BOE Nº 210, de 30 de Outubro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.



DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor no prazo dos quince días seguintes a súa publicación no boletín oficial da provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985 do 2 de Abril, reguladora das bases de Réxime Local”.-

2º) Someter a exposición pública, polo prazo de 30 días hábiles, en inserción do anuncio no BOP e no taboleiro municipal para exame e reclamacións.

3º) Caso de non producirse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coa particularidade de publicarse o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.”

6º) Proposta da Alcaldía de data 9 de outubro de 2015, respecto das alegacións formuladas á aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial Social do Concello de Ponteareas.

O SR. ALCALDE, este punto se retira da orde do día porque hai alegacións de dous colectivos con informe xurídico desfavorable pero que non se refire a totalidade da alegación, polo que para ver si o resto do contido pode ter encaixe legal, retírase para un novo informe

Queda aplazado para o próximo Pleno.

7º) Proposta do Alcalde, en nome do Goberno Municipal, de data 5 de outubro de 2015, respecto da transferencia à Xunta de Galicia do Servizo da Estación de Autobuses.

O SR. ALCALDE, resumindo a historia da estación de autobuses. Se explotou polo concello logo dun contrato do ano 1991 que venceu en xullo do 2011 e daquela o concello díxolle á Xunta que non a quería pero o concello seguiu explotándoa.

En setembro do 2013 recoñecía a Xunta un traspaso de competencias, se informaba á Xunta que o concello cesaría na explotación en 1-1-2014.

Despois de 2 licitacións no 2012 e no 2013, quedou deserto. A Xunta se comprometeu en setembro do 2013 a iniciar novo proceso de licitación e a compensar ao concello polo déficit económico.

Son argumentos máis que suficientes para rematar coa situación.

O déficit económico para o concello é importante, sobre todo tendo en conta a actual época de crise económica que estamos pasando.

O SR. ALCALDE, da lectura á proposta do teor:

“Ponteareas explotou a estación de autobuses en condición de concesionario, logo dun contrato firmado o 19 de setembro de 1991. O 31 de xullo de 2011 venceu este contrato e o Concello trasladou á Xunta de Galicia a decisión de



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

non continuar explotando a estación. Dende aquela, o Concello seguiu asumindo o servizo mentres a Xunta licitada o contrato.

O propio ente autonómico emitiu un comunicado, no mes de setembro de 2013, recoñecendo a necesidade de levar a cabo un traspaso de competencias “dado que non resulta viable manter ilimitadamente a situación de transitoriedade actual” e polo que se informaba que o “Concello de Ponteareas cesará na explotación da estación de autobuses de Ponteareas a partir do 1 de xaneiro de 2014, data a partir da que entrará a explotar o servizo un novo prestameiro, se fose o caso”.

Despois de que a Xunta de Galicia abrirá dous procedementos de licitación que foron declarados como desertos, en novembro de 2012 e en agosto de 2013, para seleccionar a un novo prestameiro, o goberno autonómico se comprometeu, no comunicado anteriormente mencionado e que data do mes de setembro do ano 2013, a “iniciar novamente un procedemento de licitación ó que invitar a outros posibles interesados”, ademais de “concertar a compensación económica que corresponda polo déficit económico da explotación que se está a producir nesta situación de prolongación na explotación”.

Polo anteriormente exposto, propomos ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1. Transferir á Xunta de Galicia, con carácter irrevogable, o servizo da Estación de autobuses de Ponteareas a partir do 1 de xaneiro de 2016. A partir desa data, o Concello declina calquera responsabilidade sobre este servizo por estar vencido o contrato de concesión dende o 31 de xullo de 2011.*
- 2. A compensar ó Concello de Ponteareas polo importe do déficit anual xerado pola Estación de autobuses de Ponteareas dende o 31 de xullo de 2011.*
- 3. A constituír unha comisión mixta entre o Concello de Ponteareas e os entes do Goberno Galego con competencias para o traspaso da citada Estación de autobuses..*
- 4. Dar traslado deste acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, ó Vicepresidente, á Consellería de Economía, á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta”.*

A proposta coincide co informe do asesor xurídico no sentido do que aquí se propón sobre a obriga da Xunta de facerse cargo da estación e acabar co déficit que provoca ao concello.

Ten variado nestes anos o déficit, ao variar o persoal que estaba alí destinado, pero aínda así non son os costes que dí o anterior goberno, non se inclúe (iluminación pública, limpeza da estación, seguros de responsabilidade civil, e



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

outros costes). En todo caso no momento de constituir esa comisión mixta e reclamar as cantidades que dende intervención se nos dirán, se fará unha proposta nesa comisión a constituir, que pode elevarse a uns 200.000 euros estimados, dende 2011.

O SR. COSTAS VILA, a favor do punto 2 pero a estación non ten que dar beneficios, non se pode estar en contra da lei de Bases e logo non queremos a da Xunta.

Unha cousa é o déficit, pero visto que quedaron desertas as licitacións, o que se fai é prever privatizar a estación.

Pido un compromiso, fomentar dende o concello.

Neste caso temos un informe xurídico, pero necesitamos un informe de intervención.

Vostedes falan de perdas, asistimos a un debate entre vostede e a Sra. Villar que din unha ou outra cousa, para iso era necesario ter o informe.

Solicito a retirada do punto.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, ía decir o mesmo que dixo o Sr. Costas.

Sinalar que na acta do mes pasado se di que nos ausentamos as 12,01 horas, din que ACIP se levantou.

Esto se contradí, hoxe o levamos sen inconvintes, hoxe podía retirala, é a súa facultade.

Non foi así, nos marchamos porque eran mais das doce da noite.

A Xunta o 24-9-13 di que o convenio rematou.

A estación de autobuses significou un avance, progreso, para o concello e veciños. O servizo público é dos veciños.

Cando só debate Represas e o PP, non imos a ningunha parte.

Fala do déficit, a Xunta dixo compensar e si non compensa, reclámelle.

No 1º plan de axuste levouse a estación para aforrar.

A Xunta por dúas veces non foi capaz de contratar a concesión.

¿Porqué imos pechar a 31 de decembro?, será mal para os veciños.

Os veciños demandan que a estación estea aberta, incluso de noite.

É certo que é deficitaria. Que a Xunta asine un convenio co concello e sinon que lle pague ao concello por mantela aberta.

Pido retiro, e fago unha emenda oral, esixirlle á Xunta que a través dun convenio nos pague, pero tiña que facerse un replantexamento da estación, (atención ao público aos veciños).

Tampouco estou en contra do punto 3.

Non estou a favor do punto 1, non se pode pechar a estación a 31 de decembro, o dixo na prensa. Non estamos dacordo.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, a estación é competencia da miña área, pero antes de responder decir o que estamos aquí falando e a evidencia do mal que o fixo o PP .

¿Coñece a dona Elena de Lucas?, coa cal vostede mantivo escritos onde lle manifestou que non tiña intención de seguir coa explotación por non poderse manter, ela díxolle: tomarlle o pelo.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

¿Coñece a don Agustín Fernández de Rojas, do PP? lle dixo que a concesión estaba vencida e falaba de compensar gastos 2011-2012, e falaban dun déficit duns 40.000 euros (mais os costes que dixo antes o Alcalde), e o conselleiro respondeulle: tomarlle o pelo.

D. Miguel Rodríguez Bugarín, do PP, o mesmo, estamos esperando resposta. De ser polo Sr. Solla estaremos esperando ata o xuízo final.

Cando o plan de axuste o PSOE cansouse de decirlle, non sigan coa estación. Este goberno tomará a decisión do que o PP non quixo facer.

A estación non se vai pechar, que a xestione a Xunta.

Si vostedes viaxan, verán que as estacións non se levan, están en desuso, non compensa, fan darsenas.

Os veciños terán onde coller os autobuses.

Ao Sr. Costas decirlle o mesmo, non se trata de privatización, a xestión non é nosa, é da Xunta, é da súa competencia.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, é a 2ª vez que vimos falar disto, fai un mes que se truxo a pleno e daquela non motivaron a urxencia, logo votaron a urxencia os que estaban no pleno, e o Alcalde despois de leer a proposta dixo que a retiraba, non sei porqué.

O PP que non estaba presente, agora pretende unanimidade por estar todos aquí.

Vostede non nos chamou a consenso. Iso mostra mais do que imos decindo, non prevé, non traballa con rigor.

Traen proposta similar.

O expediente non é completo, non consensou cos grupos, e falta o informe de intervención como dixeron os señores Costas e González, cousa que lle pedimos na comisión informativa.

Ademais o informe xurídico di que esto non ten porque traerse ao pleno, dia que a Xunta de Goberno o acorde. ¿Para que o traen aquí?.

Non votaremos a proposta polos motivos expostos, solicito a retirada por non ser de pleno e sí da Xunta de Goberno.

Que sepan que o PP no ten convinte nos puntos 2º, 3º e 4º.

Non entendemos porqué non traen o informe do interventor, os gastos non suman mais de 57.000 euros, están nas contas do 2014 aprobadas outro día sumen e no ano 2015 analizando os exercicios pechados, se sacarían uns ingresos de 33.000 euros.

Deíxenos de acusar, gobernen, xestionen.

Vostede firma resolucións todos os meses sobre aluguer dos locais e cannos, e logo hai que engadirille outos pequenos ingresos.

Os gastos non superan 25.000 euros.

O SR. ALCALDE, remate leva falando uns 10 minutos.

A SRA. VILLAR GONZALEZ, alí había traballando 3 persoas, ata fai pouco unha, que agora non está alí.

No ano 2015 vai haber ingresos, non é a ruina da que fala vostede.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, remate.

A SRA. VILLAR, no 1º punto imos absternos, non o entendemos, si o que quere é instar á Xunta que a asuma xa, sí de acordo, pero non estamos de acordo con pechala o vindeiro 31 de decembro. Xestione sexa responsable, que agora goberna.

O SR. ALCALDE, non necesito os seus consellos, remate ou do contrario lle retiro a palabra.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, xestione traballe con datos reais, a Xunta saca Pregos.

O SR. ALCALDE, aviséille, leva máis de 12 minutos. Conclúa en 30 segundos, senon lle retiro a palabra.

A SRA. VILLAR GONZALEZ, espantan a un empresario que ao mellor lle interesa a explotación, con decir o dos 200.000 euros. Xestionen. Pido a retirada.

O SR. ALCALDE, como o que queda no papel escrito retrata a quen o escribe. Vou decir o 23-6-2011 comunicación a Consellería de Medio Ambiente din non están dacordo coa intención de explotación, que cesarían no prazo de concesión, e o 4 de decembro 2014, o decían vostedes a dona Elena de Lucas reiterándolle que non querían continuar co servizo por non poder atendela, e falaban que era competencia da Xunta.

Lle pedimos ao PP que voten o 1º punto, é o mesmo.

Non queremos pechala, é competencia da Xunta, se trata de que cada un asuma as súas competencias.

A Xunta nos toma o pelo dende hai catro anos.

Sobre o déficit abultado, o decían vostedes.

Estamos tratando que a Xunta a asuma.

Nos estamos tomando decisións, e fumos á Dirección Xeral de Mobilidade, pero queremos contar co apoio da Corporación, e evitar ese gasto ao concello.

Non imos só a seguir con escritos continuados, imos tomar decisións e estamos seguros que si a Corporación apoia iremos para adiante.

Agardamos que a Corporación actúe e que o PP faga agora o que querían facer antes.

Si se pecha non será este goberno quen peche a estación de autobuses, será a Xunta quen o faga.

Dámoslle un prazo suficiente para asumila, e incluso falamos de comisión mixta.

Non queremos facer o que o PP fixo antes.

Queremos tomar decisións con responsabilidade e si quere o PP o 1º punto o redactamos como vostede porque é igual á proposta do goberno que presentamos en setembro, antes do informe do Asesor Xurídico.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. COSTAS VILA, me sorprende, os servizos sociais deixarán de ser competencia do concello en xaneiro do 2016.

A favor do punto 2º, pero non estamos dacordo con desfacernos da estación.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, vostede mesmo di no 1º punto que a partir desa data declina responsabilidades.

¿Que vai pasar coa estación de autobuses a partir do 31-12-15?, sexamos coherentes.

O acordo pode tomalo a Xunta de Goberno, piden apoio maioritario, pero é tan difícil adaptarse á proposta a todos os puntos.

Puntos 2º, 3º, 4º dacordo, pero non co 1º, será esixir á Xunta solución urxente, pódese asinar convenio pero non pechala.

Decirlle á Sra. Fernandez que non foi capaz á Xunta de licitala. Non podemos compararnos con outros concellos, ou non pasa pola estación ou non sei porque o dixo.

É deficitaria sí, pero é necesaria, ao igual que a escola infantil, residencia, aos veciños hai que atendelos.

Cada un que asuma o que corresponda.

O Alcalde dixo pechala, está na prensa e na páxina web.

Como dixo o Sr. Lago, buscar o mellor para o pobo.

Pido a retirada.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, non comparo con outros, falo de modernidade.

O PSOE ven reivindicando a postura da estación de autobuses.

Non entendo que vostede non quera votar ese punto, é unha cousa boa para o pobo.

Á Sra. Villar decirlle: fala de déficit de 57.000 euros, o crédito negativo 2011-2012 é mais de 70.000 euros.

Non fale de responsabilidade, sí que xestionamos pero non suplicaremos, non temos porque dar opcións, a competencia é da Xunta.

Haber si o entenden, trátase de aforrar cartos para o concello.

O SR. ALCALDE, pide ao público silencio.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, non estaría aguantando o que dí a Sra. Fernandez si tivéramos o informe de intervención.

Teño as liquidacións das contas, falo da realidade e si queren por gastos a maiores son 70.000 euros, non 200.000, non me chame mentirosa, teño aquí os datos ¿os quere?.

Si trae o informe, acabouse a discusión, é unha falta de respecto, o goberno ten que traer dito informe, e leve o asunto á Xunta de Goberno, no ao pleno, o dí o asesor.

Temos que consensuar o punto 1º, senon léveo á Xunta de Goberno.

Sí, a competencia é da Xunta, mandamos escritos, pero fomos goberno responsable e xestionamos.

A Xunta anunciou a 3ª licitación. Non digan mentiras.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, remate.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, consensue o 1º punto, no resto estamos de acordo.

O SR. ALCALDE, o que pasou estes catro anos, escritos contundentes? ¿para que serviu?. Por eso queremos que sexa acordo do pleno, para que sexa contundente.

Non se trata de pechala, non hai problemas con outros servizos, pero é claro que a estación é competencia da Xunta, non podemos seguir gastando os cartos dos veciños, é básico pero o ten que asumir a Xunta.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, pide a palabra por alusións.

O SR. ALCALDE, non ten a palabra.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, insiste.

O SR. ALCALDE, vostede non preside o Pleno.

Propomos saír deste impax, no que levamos catro anos.

Móvanse e non sigan facendo o mesmo.

Busquemos acordo contundente no punto 1, para que a Xunta nos faga caso, si fixeramos como vostedes, no 2019 estaremos igual pero con nos non vai pasar.

Pedimos data límite.

Si queren os portavoces paramos o pleno, e busquemos consenso.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, pido un minuto, quedou clara a posición do PP, no pleno meteuna por urxencia, eran as 12 horas, e nos culpou da marcha.

O SR. ALCALDE, cíñase, ten un minuto.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, deixe rematar, naquel pleno estabamos dacordo.

O mellor é retiralo, e ter informe de intervención.

Lle digo á Sra. Fernández, estiveron con 3 directores e lle arrancam os compromisos de darnos diñeiro e nos falaban de peche, e de darsenas.

Xestionen, hai unha empresa que está alí que lle interesa.

Pido que se asuma, pero non que se peche.

Pido retirada ata ter informe do interventor.

O SR. ALCALDE, en canto ao informe, vostede sabe que non temos interventor todos os días aquí.

O SR. GONZALEZ SOLLA, interrompe.

O SR. ALCALDE, non interrompa, hai un informe do asesor xurídico decindo que tamén se pode traer ao pleno.

Si o PP quere votar a favor do punto 1 comprendido na moción do pleno anterior, perfecto, pero quixemos adaptalo ao informe xurídico.

O que decía era consenso, ningun grupo na comisión informativa dixo nada.

O SR. GONZALEZ SOLLA, na comisión pedimos o informe do interventor, non o truxo.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, si queredes matizar o punto 1 podemos facer un receso para darlle unha redacción válida para todos.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, descanso sí pero non teño a culpa de que non sepa leer, pon aquí que o titular é a Xunta, en ningún lado fala de pecharse a estación de autobuses. Non preciso receso ningún.

O SR. ALCALDE, fagamos un receso no pleno .

O SR. COSTAS VILA, non estou dacordo con ningunha redacción, pero a lei establece de non competencias propias, sí delegadas coa súa compensación económica.

O SR. GONZALEZ CARRERA, si EU xa dixó que non está dacordo, non haberá consenso.

O SR. ALCALDE, o consenso será dos grupos que se queiran sumar, e si non o hai votaremos logo.

Suspéndese o pleno por 15 minutos, ás 21 horas 31 minutos.

No despacho da Alcaldía se reúne o Sr. Alcalde cos portavoces dona M^a Jesus Garrote Represas, don Juan Carlos González Carrera, don Salvador González Solla, dona Hortensia Bautista Fernández, non asistindo don Lino Costas Vila, coa asistencia da secretaria accidental, e despois de negociación se consensua o 1º punto do acordo.

Se reanuda o pleno as 22,05 horas presidido polo Sr. Alcalde, coa asistencia da secretaria accidental dona Pilar Rodriguez Dominguez e cos concelleiros dona Cristina Fernandez Davila, dona Verónica Carrera Blanco, dona Hortensia Bautista Fernández, don Francisco F. Alonso Pedreira, dona M^a Jesus Garrote Represas, dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña, don Benito Marquez Castro, don Manuel N. Troncoso Rodriguez, don Salvador González Solla, dona Belén Villar González, don Andrés Sampedro Fernández, don Alberto Novoa Iglesias, don Domingo Freitas Dalmeida, don Juan Carlos González Carrera, dona Maria Soledad Valado Pérez, e don Lino Costas Vila.

O SR. ALCALDE, na xuntanza que agora tivemos todos os portavoces, menos o Sr. Costas Vila, chegamos a un consenso con respecto ao punto 1º do acordo recuperando a proposta anterior do goberno e cun engadido, o cal queda no seguinte sentido:

1º: *“O pleno acorda esixir á Xunta de Galicia que asuma de inmediato o servizo da Estación de Autobuses, e no caso de non facelo, que negocie un convenio co Concello para compensar os gastos de mantemento e xestión”.*

Da lectura aos puntos nº 2, 3 e 4 da proposta, do literal:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

2. A compensar ó Concello de Ponteareas polo importe do déficit anual xerado pola Estación de autobuses de Ponteareas dende o 31 de xullo de 2011.

3. A constituír unha comisión mixta entre o Concello de Ponteareas e os entes do Goberno Galego con competencias para o traspaso da citada Estación de autobuses..

4-Dar traslado deste acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, ó Vicepresidente, á Consellería de Economía, á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta”.

O SR. ALCALDE somete a votación a retirada do asunto da orde do día, a petición de EU.

O SR. COSTAS VILA, quero deixar claro, a lei establece que si o Concello ten unha competencia non propia, ten que reclamarlle cartos, non é cuestión de desfacerse do servizo, aproveitemos esto.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, ACIP ten claro que a competencia non é nosa pero si a Xunta non o fai poderase acudir ao Xulgado.-

Apoio os puntos.

En contra da retirada.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, grazas por chegar a un acordo para o ben dos veciños de Ponteareas, é para ter ingresos para outras necesidades.

O SR. GONZALEZ SOLLA, pediamos informe de intervención, dacordo coa proposta de engadido de ACIP de que a asuma de inmediato e que compense de acordo co informe do interventor.

VOTACIÓN Á RETIRADA.-17 votos en contra da retirada (5 BNG, 4 PSOE, 1 ACIP, 6 PP, 1 A Riada do Tea), 1 voto a favor de EU .

Na sua consecuencia queda rexeitada a retirada.

VOTACION Á PROPOSTA: 16 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 ACIP, 6 PP), 1 abstención da Riada do Tea), 1 voto en contra de EU.

Na sua consecuencia,a Corporación Municipal acorda:

1º.O pleno acorda esixir á Xunta de Galicia que asuma de inmediato o servizo da Estación de Autobuses, e no caso de non facelo,que negocie un convenio co Concello para compensar os gastos de mantemento e xestión.-

2º. A compensar ó Concello de Ponteareas polo importe do déficit anual xerado pola Estación de autobuses de Ponteareas dende o 31 de xullo de 2011.

3º. A constituír unha comisión mixta entre o Concello de Ponteareas e os entes do Goberno Galego con competencias para o traspaso da citada Estación de autobuses..



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

4º-Dar traslado deste acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, ó Vicepresidente, á Consellería de Economía, á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta”.

8º) Proposta do Goberno Municipal, de data 5 de outubro de 2015, para dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de contemplar distintas actuacións para Ponteareas nos orzamentos da Xunta correspondentes ó 2016.

O SR. ALCALDE, a Xunta está agora co tema dos orzamentos.

Temos necesidades, hai cousas que non poden seguir agardand, procede esixir que figuren as que consideramos prioritarias para Ponteareas, e mais ben decisión política e consideramos oportuno traelo ao pleno para ter mais forza cara á Xunta de Galicia.

Dase conta da:

PROPOSTA DO GOBERNO SOBRE OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA PONTEAREAS EN 2016.

“A Xunta de Galicia está tramitando os orzamentos para o vindeiro ano 2016, orzamentos que deben contemplar a realización de diversas actuacións que son prioritarias para Ponteareas, en moitos casos son compromisos asumidos polo propio goberno galego ou sobre os que xa ten manifestado esta Corporación e que non deben demorarse.

Neste sentido e para que Ponteareas non quede á marxe dos investimentos da Xunta para o 2016, propoñé4moslle ó Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

O Pleno do Concello de Ponteareas acorda dirixirse á Xunta de Galicia para que os orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 contemple as seguintes actuacións en Ponteareas:

1. A partida económica para a redacción do proxecto de trazado e construción de circunvalación ou variante de Ponteareas de conexión coa autovía A-52 tal e como recolle o acordo de colaboración asinado o pasado 16 de maio.
2. A asignación económica para un novo comedor escolar no CEIP “Fermín Bouza Brey”.
3. A partida económica necesaria para a reforma do CEIP “Fermín Bouza Brey” e para obras de mantemento e mellora nos demais centros de ensino público de Ponteareas.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

4. A redacción do proxecto de saneamento e depuración para todo o Concello de Ponteareas e a asignación económica para continuar coas obras de saneamento nas parroquias nas que pode estenderse a rede de deputación.

5. A planificación da zona industrial da Lomba en colaboración co Concello.

6.-Melloras de seguridade viaria nas estradas autonómicas que cruzan o concello de Ponteareas”.-

Aclarar con respecto aos puntos:

- 1) Que isto figura nun convenio asinado entre Fomento, Xunta e Concello.
- 2) O colexio Bouza Brey é un centro de ensino con 600 nenos, que non conta con comedor como outros centros do pobo, que sexa igual cos outros Centros.

O SR. COSTAS VILA, pide que se voten os 6 puntos por separado.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, dacordo coa proposta, dicir con respecto ao punto 2 que non é novo comedor, non hai.

Con respecto aos saneamentos nas parroquias penso en novas depuradoras. Imos apoiar.

A SRA. GARROTE REPRESAS, con respecto ao punto 6 non cabe a menor dúbida é competencia da Xunta, igual que no punto 5, a Xunta ten que asumir a competencia no tema de A Lomba.

Con respecto aos saneamentos xa o tiñamos demandando, pedimos facer mais fases, mais ordenado.

Con respecto ao punto 3, todos creemos demanda histórica do Bouza Brey e dos centros publicos, é a Xunta a quen lle compete.

Novo comedor, é certo, porque non hai cobertura para ese novo comedor.

Con respecto ao 1º punto, de acordo, co convenio asinado por Fomento-Xunta-Concello, só que me da a tristeza de saber cunha vez que se faga ese proxecto o concello asumirá a titularidade da N-120 e da A-52, e sen contraprestación económica. Si que negociaron ben.

¿Pensaben nos veciños ou no PP?.

Apoiamos a proposta.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, todos os anos se trae isto, é certo que se inclúen peticións pero tamén é certo que se reduce con respecto a outros anos, e non se inclue a petición ao Estado.

Os orzamentos da Xunta suben 4,4% e no apartado de inversións van + 180.000 millóns de euros.

Si miramos un pleno do 2008 levamos o mesmo que agora. O voceiro do PSOE falaba de negociar, a do BNG decía ¿a canto ascende?.

Imos votar a favor.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Sra. Garrote, con respecto á circunvalación, dacordo co protocolo asinado Fomento-Xunta-Concello por primeira vez o concello ten un convenio asinado. Nos presupostos do Estado xa se inclúe unha partida para a redacción e execución da obra. Na Xunta tamén hai unha partida nos presupostos 50% dos gastos do proxecto, comezará neste ano ou no proximo ano. Agradecerlle á Ministra o compromiso, non só con Ponteareas, tamén con Vigo, Pontevedra.-

Bouza Brey, dacordo. Existe convenio Xunta-Deputación, pedimos actuacións para ese centro. Pidan documentación .-

Saneamento, cando estaban na oposición o PSOE pedía Couso, o BNG Arcos, logo Ganade, pero só en catro anos o goberno bipartito nos deu a 4ª fase de Areas, Xinzo, Arnoso.

Dacordo co punto 4º, e me resulta curioso a redacción do proxecto integral do concello de Ponteareas, cando se aprobou o de Ribadetea o BNG votou en contra. Pida disculpas á Xunta.

Sra. Garrote (Val do Tea e Zona de A Lomba), catalogados no PXOM, tedes informes.

Dacordo coa planificación de A Lomba, xa o BNG pediu o plan parcial ao bipartito e non lle deron os cartos. O que vai costar mais será a urbanización.

Dacordo co das estradas autonómicas, dígalle os puntos concretos.

Votamos a favor.

O SR. ALCALDE, o votaremos por separado.

É unha proposta realista, necesidades básicas.

No Bouza Brey non hai comedor, é novo comedor .

-Apartado 4º, é ben claro, neste momento o rural non conta con saneamento e a depuradora é insuficiente. O que se fai é planificar as redes xerais nas parroquias e o sistema de depuración para todo o concello. Optar por unha nova para todo o concello ou si se opta pola de Guillarei.

Trátase de ter un proxecto global.

Xa veremos si este acordo de colaboración antes das eleccións se pasa do papel asinado, aos feitos. Se fixo na campaña electoral do 2011, o dixo no auditorio fai anos sobre a circunvalación, e, nada se fixo ao final.

Temos agora que aproveitar ese compromiso 1º paso para poder ter circunvalación, agardan que figure no Presuposto do Estado; xa veremos quen goberna no 2016, pero a Xunta que faga a súa aportación.

-Saneamento de Ribadetea, o BNG o que fixo foi votar en contra da propaganda electoral do PP. Hai un proxecto, pero non financiación.

-Áreas industriais, A Sra. Garrote ten información, e o compromiso de áreas industriais prioritarias da Xunta, mellor que o diga ela.

A Xunta non deu nada para parque empresarial, non fixo nada para que Ponteareas poidera ter chan industrial.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. COSTAS VILA, posiciónome.

1-) Non de acordo con ese proxecto. Melloras de transportes mais sostibles .Estamos polo fomento do transporte público.

Queremos mellor transporte público e que se inclúa Ponteareas na área metropolitana.

Voto en contra.

2-) Dacordo, pola xestión pública do ensino.

Había unha cociña, e eliminouse, agora dan un catering.Traballar por elaborar as comidas na cociña do centro, con calidade.

-Reforma do Bouza Brey: a favor, pido a elaboración dun informe técnico para darlle ao colexio solución.

4) A favor, pero non de acordo en facer colectores en todas as parroquias. Existen métodos naturais con menos costes de mantemento. Debía haber un estudo das zonas onde se poden instalar estes métodos.

5) En contra, tal como está redactado, creo que é moi extenso.

Un polígono sí, para as empresas xa instaladas, pero non que o polígono se vote en riba dos veciños de A Freixa.

En contra.

6) Dacordo.

A SRA. GARROTE REPRESAS, xa se ten solicitada a adhesión á area metropolitana.

-O B. Bouza Brey, tema super demandado, independentemente do informe.

-Zona de A Lomba, non comparto o dito, a única zona para A Xunta é a de Cristiñade. A Lomba non aparece por ningun lado.

Só se contempla unha zona industrial, Sr. Solla.

No 2008, vostede dixo que o PSOE non quería iso, xa estamos acostumbrados as súas cousas.

Con relación á Ministra Sra. Pastor: alegrareime que estean cartos contemplados, e tamén no orzamento da Xunta, pero si non houbera eleccións ao mellor non habería nada; é triste, pero si aparece, ben.

-Saneamento Areas-Arnoso, depuradora, potabilizadora; foi grazas a nos. As probas son as que vostede dí, Sr. Solla.

Incorporase a concelleira dona Raquel Bautista Alfaya.

O SR. GONZALEZ SOLLA, falan de Guillarei, tamén vostede recibiu un escrito de que esa depuradora estaba saturada.

Hai dúas cousas, ampliar a que temos ou depuradora augas abaixo preto de Moreira.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Respecto do saneamento en campaña electoral, se truxeron proxectos por mais de 3 millóns de euros, que se están facendo.

Solicitouse o proxecto a Xunta, e si todo está ben busque os cartos para obra .Rematouse o saneamento de Xinzo, Areas, Arnoso e Canedo, Cachadas.

Perdoe Sra. Garrote, é unha mentira, sentámonos cos veciños en Santiago e P. Vazquez deunos a escoller.

-A Sra. Pastor cumpliu con todos os concellos, tamén con Pontevedra que llo agradeceu en público.

Os tramos de Angoares e o da N-120, pasarán a ser de titularidade municipal, beneficio para o concello. As entregarán rematadas.

O SR. ALCALDE, remate.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, pedimos o do Confurco no 2008 e o PSOE dixo xa adxudicado, aínda que estea parado.

A SRA. FERNANDEZ DAVILA, oxalá, espero que no 2016 apareza o Ensino pero aquí acometéronse obras que corresponden a Xunta, e non fan obras que son urxentes para Ponteareas.

O SR. GONZALEZ SOLLA, pido a palabra.

O SR. ALCALDE, xa lle dín tempo.

Anuncia a votación dos puntos por separado, co resultado:

1º).-18 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 6 PP, 2 ACIP), e 1 voto en contra de EU.

2º, 3º e 4º punto, unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

5º).- 18 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 6 PP, 2 ACIP), e 1 voto en contra de EU.

6º).-Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

Na sua consecuencia a Corporación Municipal acorda:

Dirixirse á Xunta de Galicia para que os orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 contemple as seguintes actuacións en Ponteareas:

1. A partida económica para a redacción do proxecto de trazado e construción de circunvalación ou variante de Ponteareas de conexión coa autovía A-52 tal e como recolle o acordo de colaboración asinado o pasado 16 de maio.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

2. A asignación económica para un novo comedor escolar no CEIP “Fermín Bouza Brey”.
3. A partida económica necesaria para a reforma do CEIP “Fermín Bouza Brey” e para obras de mantemento e mellora nos demais centros de ensino público de Ponteareas.
4. A redacción do proxecto de saneamento e depuración para todo o Concello de Ponteareas e a asignación económica para continuar coas obras de saneamento nas parroquias nas que pode estenderse a rede de deputación.
5. A planificación da zona industrial da Lomba en colaboración co Concello.
- 6.-Melloras de seguridade viaria nas estradas autonómicas que cruzan o concello de Ponteareas”.-

9º) MOCIÓNS

9.a) Moción presentada por ACIP o 4 de setembro de 2015 (registro nº 7222), respecto das obras levadas a cabo no Regato da Venda.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, dou lectura á moción que presentamos o 4 de setembro do 2015:

“No ano 2011 a Confederación Hidrográfica do Miño Sil, realizou un proxecto de Restauración do Regato da Venda o cal xa comezou saltándose a toponimia do lugar realizando o proxecto co nome de Río Canedo sendo cando menos algo inaudito para os veciños de Ponteareas pois dito regato sempre se chamou Regato da Venda, así como saltándose o curso do propio Regato marcando o seu traxecto por lugares polos que xamais pasou nin e recordado polos veciños máis antigos da zona.

A prepotencia da Confederación Hidrográfica quedou plasmada unha vez máis no período de alegacións, no que o grupo Municipal de ACIP foi o único que presentou alegacións ó mesmo con data 28 de novembro de 2011. Nas mesmas aclarábase que non estábamos en contra das obras, faltaría máis, pero si das formas de realizar un proxecto cheo de erros e saltándose moitas normas por riba. Sirva coma exemplo que poñía en zona de expropiación vivendas catalogadas pola dirección xeral de Patrimonio e o cruceiro do canteiro José Cerviño que esta na zona do lavadoiro das Cachadas, forzando en moitos casos ós veciños a ter que defenderse gastando dos seus propios cartos ante a indefensión que se encontraban chegando incluso a presentar un contencioso administrativo ante o tribunal de Xustiza de Galicia dándolle a razón o mesmo.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Ditas alegacións foron todas rexeitadas, máis de 31 presentadas polos veciños a pesar que despois rectificaron o proxecto da obra segundo as propias alegación o sentencias.

Ante tales erros dende ACIP seguimos reclamando que as obras se axustaran e se respetase o Patrimonio Municipal, no mes de outubro e debido as obras do regato desplómase parte do tellado do lavadoiro das Cachadas, xustificándose a empresa a través de un informe que non reflexa a realidade e dicindo que dita caída debíase ó mal estado do mesmo, pero non é certo e debido ó movemento de terras da execución das obras e algún golpe recibido polas mesmas.

Denunciámolo na presa e no Concello estando na actualidade na mesma situación. Coa entrada do novo goberno, advertimos no mes de xuño do acordo da Comisión de Goberno onde a Confederación daba conta ó Concello da entrega das obras, sen este facer ningunha reclamación ó mesmo. O Goberno actual non actuou ata ACIP 17 de Agosto presentou outro escrito onde reclamaba a acta da recepción das obras entregada no Concello.

Agora no informe emitido polo técnico Municipal advírtese de partidas que no se han realizado ata o momento e que estaban no proxecto.

Por todo o exposto presentamos ante o pleno para que se tomen os seguintes acordos:

1º. Esixir á Confederación Hidrográfica a corrección de todos os erros detectados polo informe do enxeñeiro Municipal.

2º Esixir á Confederación Hidrográfica a reconstrución do lavadoiro existente na zona das Cachadas que foi derribado pola consecuencia das obras e si non é así que se defenda ante os tribunais pertinentes.

3º. Que se respecte a toponimia do lugar e o Regato volva a ser Regato da Venda tal como foi sempre.

4º Esixir ó Goberno Municipal o mantemento adecuado dos lugares polos que transcorre o Regato pois a falta de mantemento produciu o abandono en lugares do mesmo e a morte de moitos arbores.

5º Que o Concello faga as xestións necesarias co propietario a través dunha cesión ó Concello do muíño existente no transcurso do Regato e proceda a súa restauración a través dun Obradoiro ou axudas da Deputación Provincial”

-Xa en 15 de xuño e 17 setembro reclamamos, o propio informe non reflexa a realidade do que pasou.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Derrubouse a cuberta do lavadoiro, viuse abaixo, e no reportaxe fotos, fanse as obras, moven as terras, e tiñan que facelo eles. Só existe a parte de abaixo do lavadoiro.

Entendemos que o concello debe defender un ben xa catalogado, e no tema do nome que se diga "Regato da Venda", eles o recoñeceron cando lle contestaron aos veciños.

O SR. COSTAS VILA, estamos a favor da proposta.

A SRA. GARROTE REPRESAS, dende o goberno, se fixo a reclamación e hai resposta (mesas, lavadoiro, muros, etc).

Se contestou polo director da obra que:

-As mesas-merendeiro se suprimiron por falta de espazo para colocalas.

-A actuación do lavadeiro é axena á obra executada. O acordo entre as partes quedou plasmado en documento escrito presentado no rexistro do concello, executándose o establecido no acordo, decidindo o Alcalde do concello no momento de realizarse os traballos, actuar unilateralmente noutro sentido.

É un informe do director de obra.

Temos un informe do enxeñeiro técnico do concello que fala de atasco dos sumidoiros.

Convén reclamar ata que manteñan o lavadoiro, se intentará polo tal como estaba.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, dirixome ao Sr. González Carrera, por si considera engadir un 6º punto: Repoñer paneis informativos na lingua galega.

O SR. ALCALDE, o requerimento do goberno non foi con relación a proposta de ACIP. O informe do enxeñeiro técnico é do 12 de agosto, ACIP a presenta o 17.

É relevante o que nos dí o informe da Confederación, ao acordo adoptado na Xunta de Goberno do 28 de agosto, requeríamos parte do que dí ACIP, agora nos dín que o tema do lavadoiro foi por unha decisión unilateral do Alcalde, noutro sentido; xustifican como quedou.

Estamos dacordo con reclamar, pero quedará todo como está.

Apoiamos a proposta.

Onte na Xunta de Goberno recolleemos o informe remitido pola Confederación e polo director de obra, para que quedara constancia de dito informe.

Por unha decisión do anterior goberno é imposible recuperar o lavadoiro con cargo á Confederación Hidrográfica, pero sí se pode acordar que a Confederación se faga cargo dos plantexamentos da moción.

Sobre o punto 4º, no informe do enxeñeiro ía no mesmo sentido e sen ningunha instalación o que fixemos foi tratala nese informe que interpretaba que lle corresponde o mantemento a eles, non ao Concello.

Sobre o rego, os bombeiros non podían facer fronte a todos os traballos de rego no casco urbano, por iso enviouse reclamación á Confederación.

Si legalmente nos correspondera o rego, haberá que manter o césped e gastar cartos por parte do concello. O que fixemos foi reclamar.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Dacordo coa moción de ACIP, salvo co punto 4º.
O mantemento estase facendo xá, agás o regadío.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, dacordo con ACIP. Puntualizar, parece que se culpa de todo ao goberno anterior.

O proxecto se redactou polo PSOE no 2011, tiña erros como os da toponimia, era un proxecto que se presentou ao goberno de Ponteareas cunha financiación do 70% do FEDER, o concello querían que aportara o 30%. Despois de pasar as eleccións xerais este concello puxo en marcha o proxecto e conseguimos da Deputación que aportara o 20%.

Unha vez rematada a obra o goberno emitiu o informe técnico e se falaba de muros, mobiliario e pedían pilares do lavadoiro. Nesta obra había un director, e si houbo unha acta de recepción supoño que a Confederación recepciónou.

Sobre o lavadoiro, en outubro do 2014 á empresa chamou ao concello e atopamos o lavadoiro derrubado. Na acta se di que se demolerá a cuberta de rasilla por ofrecer perigo, que se desmontara as paredes de pedra e pedimos os pilares, que logo foron retirados por fisuras.

No punto 4º dende o concello acordamos coa empresa que o lavadoiro alí non pega. É certo que mellor lavadoiro aberto o compromiso foi que cando se redactara o proxecto polo concello estaríamos dispostos a colaborar coa reforma.

Podo acompañalo as oficinas da Confederación.

Eles se comprometeron, creo que entre Confederación, Deputación e Concello podemos adaptalo e poñelo digno.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, a petición do BNG a aceptamos.

É increíble ver a arrogancia coa que contestan as administracións.

Decir que eles poñen o nome de Río Canedo, ¿non saben que é Regato da Venda?.

Sr. Represas, o 15 de xuño presentei escrito decindo que a obra do lavadeiro non estaba rematada e solicitaba non darlle o visto e prace a recepción.

O 17 de agosto presentei outro, escapouse das máns.

No punto 4º, as árbores secaron por falta de auga, a obra foi acabada unha semana despois, secaron por falta de rego.

Non houbo desbroce no verán, aquilo está en mal estado, os colleron por sorpresa.

Aceptamos o punto 6º proposto polo BNG, e si non o fan eles o faremos outros.

O informe que fixo a empresa é falso, o di a foto, o regato está, mais baixo.

Quero saber onde están os pilares do lavadoiro, o derruban a pesar de estar catalogado, pobre dun veciño si fai iso.

O SR. ALCALDE, Sr. Solla, si sabe onde están as columnas do lavadoiro dígao.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, están no parque movíl.

Sobre o nome de Río Canedo se nos contestou que ese é o nome que figura no Ministerio de Medio Ambiente. Din que se tirou isto, non sei que pasou, estaba en situación de perigo. Os pilares están no parque movíl.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A SRA. GARROTE REPRESAS, é capaz de decir que están no parque mobil?.

O SR. GONZALEZ SOLLA, si nun proxecto de 3 millóns de euros se discuten uns pilares, apague e vamos.

O SR. ALCALDE, houbo un mal acordo, e en base a iso o lavadoiro está como está, pero si a proposta de ACIP permite abrir vía para restaurar parte da obra, imos apoiar insistindo na reclamación que fixo a Xunta de Goberno en agosto.

Arbores secaron, pero en maio non se podía plantar.

Pido á Sra. Bautista Fernández que repita o engadido proposto polo BNG.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ: engadir no punto 6º” Que a empresa substitúa os paneis informativos para corrixir os erros e utilizando o galego, a nosa lingua “.

O SR. ALCALDE, o goberno votará en contra do punto 4º.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, preguntenlle aos veciños si coñecen o nome de Río Canedo, sempre se chamou Regato da Venda.

VOTACION.-

O SR. ALCALDE somete a votación os puntos 1º, 2º, 3º, 5º e 6º coa emenda de engadido, co resultado:

Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

Votación ao punto 4º: 9 votos a favor (6 PP, 2 ACIP.1 EU), e 10 votos en contra (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea).

Queda rexeitado o punto 4º.-

Na sua consecuencia coas votacións, a Corporación Municipal acorda:

-Esixir á Confederación Hidrográfica a corrección de todos os erros detectados polo informe do enxeñeiro Municipal.

-Esixir á Confederación Hidrográfica a reconstrución do lavadoiro existente na zona das Cachadas que foi derribado pola consecuencia das obras e si non é así que se defenda ante os tribunais pertinentes.

-Que se respecte a toponimia do lugar e o Regato volva a ser Regato da Venda tal como foi sempre.

-Que o Concello faga as xestións necesarias co propietario a través dunha cesión ó Concello do muíño existente no transcurso do Regato e proceda a súa restauración a través dun Obradoiro ou axudas da Deputación Provincial.



-Que a empresa substitua os paneis informativos pero correxindo os erros e utilizando a nosa lingua.

O SR. ALCALDE, agora se debatirán as mocións sobre as marchas de dignidade do EU-PSOE.

A do BNG incluída no punto 9.b) quedaría para despois e si as mocións dos puntos 9.c) e 10) se debaten nunha media hora, e a do grupo socialista.

9.c) Moción presentada por EU-Son o 5 de outubro de 2015 (registro nº 8152), de apoio ás marchas da dignidade.

O SR. COSTAS VILA, da lectura á moción do teor:

“As Marchas da Dignidade é un movemento social que en Galicia aglutina no seu seo a máis de sesenta organizacións e colectivos veciñais, sindicais, culturais, sociais e políticos do País. As Marcas da Dignidade levan máis de dous anos mobilizándose na rúa para esixir o remate das políticas que agriden á maioría social golpeada pola crise.

Pan, Traballo, Teito e Dignidade para todas e todos é o lema que une a este movemento. Unhas reivindicacións tan básicas como radicais a día de hoxe, cando os dereitos das persoas están a ser relegados ante os intereses dos mercados, ou o que é o mesmo, da Banca e das grandes empresas.

A situación de emerxencia social derivada da crise estrutural, desde fai anos afecta particularmente á clase traballadora, que é agredida por diversas vías: o desemprego, os recortes sociais, os desafiuzamentos, as privatizacións, ou o desmantelamento dos sectores produtivos tradicionais. Todas e todos estamos sendo golpeados dende os pensionistas ata a xuventude que ten que emigrar, o sector pesqueiro, o pequeno comercio ou os pequenos propietarios do campo, como acabamos de observar no conflito do sector leiteiro.

A alta taxa de desemprego xa é crónica a pesares das pequenas variacións porcentuais. Pero ademais, cada vez é mais xeneralizada a situación na que o feito de ter un traballo non é suficiente para garantir unha vida digna. Situación que se agrava no caso das mulleres, vítimas dunha maior taxa de desemprego e da diferenza salarial. Feminización da pobreza que leva en moitos casos á dependencia económica da muller, o que é unha das fontes do arraigo do sistema patriarcal e de situacións de violencia machista.

As directrices ditaminadas pola Comisión Europea e o BCE e seguidas obedientemente polo goberno do noso estado, están a demostrar a súa inutilidade. Situaron normativamente a lóxica da acumulación e maximización do beneficio bancario e empresarial por riba da lóxica da vida, do benestar e a dignidade

Por todo isto, elevamos ó Pleno Municipal os seguintes:



ACORDOS:

1. Esta corporación municipal é consciente da situación dramática que está a sufrir a maioría social. A chamada crise económica lonxe de rematar chegou para quedase, por moito que algúns utilicen certos indicadores económicos para aparentar unha mellora que nada ten que ver coa realidade nin cos sectores populares.

2. Esta corporación municipal apoia a mobilización convocada polas Marchas da Dignidade prevista para o próximo día 24 de outubro na Praza do Obradoiro en Compostela, e fai un chamamento os veciños e veciñas deste concello a participar na mesma.”

Engadir que si se aproba a do PSOE, que é igual a presentada pola asociación Feminista, no balcón do concello se puxera unha pancarta.-

VOTACIÓN Á MOCIÓN.-Unanimidade a favor dos membros presentes, 19 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 2 ACIP, 6 PP, 1 EU, 1 A Riada do Tea).

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

1. Esta corporación municipal é consciente da situación dramática que está a sufrir a maioría social. A chamada crise económica lonxe de rematar chegou para quedase, por moito que algúns utilicen certos indicadores económicos para aparentar unha mellora que nada ten que ver coa realidade nin cos sectores populares.

2. Esta corporación municipal apoia a mobilización convocada polas Marchas da Dignidade prevista para o próximo día 24 de outubro na Praza do Obradoiro en Compostela, e fai un chamamento os veciños e veciñas deste concello a participar na mesma.”

-MOCIÓN DE URXENCIA

Moción presentada por GMS o 13 de outubro de 2015 (registro nº 8334) sobre a marcha estatal contra as violencias machistas.

Expón a moción a concelleira dona Vanesa Fernández Soage, do teor:

“

“O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar a mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Estambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente no canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ó 1% das 126.742 denuncianteas, ou de vivenda, mentres crece a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prsetar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ó 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponteareas presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Concello a :

-Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema “contra as violencias machistas” e promover a participación cidadá na Marcha.

-Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.

-Soster todos días do ano, tódolos anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.

-Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

-Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.

-Realizar campañas de sensibilización contar o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuación e servizos de competencia municipal.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

-Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuación e servizos.

-Desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención.

-Fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ó GREVIO para a aplicación do Convenio de Estambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme ós artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.”

O SR. ALCALDE somete a votación a urxencia da moción.

VOTACION.-unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor: 5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 1 EU, 6 PP, 2 ACIP).

O SR. ALCALDE, a Concelleira de Igualdade programa actuacións sobre o tema e me gustaría que o explicase:

O SR. COSTAS VILA, apoio total a moción e a rexistrada o martes pasado polo Círculo Feminista, a loita pola igualdade é necesaria, agora igual que fai moitos anos.

Actitudes machistas de fai 30 anos.

Aínda queda moito por traballar.

Mobilizacións.

O SR. TRONCOSO RODRÍGUEZ, apoiamos a proposta.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, apoiamos a moción do PSOE, e decir que nos recibimos a do círculo feminista, dacordo.

A SRA. CARRERA BLANCO, dende a concellería de Igualdade, o mesmo que dende o Circulo Feminista, haberá reunións, en novembro actuacións a concretar sobre o 1º punto da moción: decir que dende o 1º de novembro e durante ese mes, no balcón da Casa do Concello haberá unha pancarta co lema "Ponteareas contra as violencias machistas".-

A SRA. VILLAR GONZALEZ, o PP de acordo.

O SR. ALCALDE, dacordo pero co matiz exposto pola concelleira de Igualde.-



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

VOTACION á proposta da moción coa matización exposta pola concelleira de Igualdade.-unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor: 5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 1 EU, 6 PP, 2 ACIP)).

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

-Colocar dende o 1 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema “Ponteareas contra as violencias machistas”, e promover a participación cidadá na Marcha.

-Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.

-Soster todos días do ano, tódolos anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.

-Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

-Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.

-Realizar campañas de sensibilización contar o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuación e servizos de competencia municipal.

-Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuación e servizos.

-Desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención.

-Fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ó GREVIO para a aplicación do Convenio



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

de Estambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme ós artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.”

O SR. ALCALDE, agora trataremos a moción 9.b) do BNG (nº 8151), e ao rematar a sesión do pleno haberá intervención veciñal.

Ausentase don Juan Carlos González Carrera.

9.b) Moción presentada polo BNG o 5 de outubro de 2015 (registro nº 8151), para reprobar ós concelleiros do P. Popular, dona M^a Belén Villar González e don Salvador González Solla, pola súa implicación na “operación Patos” e instar a presentar a súa dimisión.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, que conste en acta o agradecemento por parte do goberno,pola cortesía e valentía do Sr. Lago de asumir un comportamento inadecuado, aínda que entendemos a reacción a un comportamento anterior pero asumilo dignifica o que é a política, e amosa un sentido da responsabilidade e dignidade .

A SRA. FERNANDEZ BAUTISTA, lee a moción do teor:

“A investigación policial coñecida como Operación Patos, da que recentemente se levantou o segredo do sumario, conclúe que ex-alcalde Salvador González Solla e a ex-concelleira de Facenda, Belén Villar, os dous concelleiros do PP cometeron delitos de prevaricación, falsidade documental e contra a facenda pública. Os feitos son escandalosos e as conversas intervidas á Sra. Villar, nas que esta celebra co dono da empresa Eiriña os contratos a dedo, son gravísimas.

Ademais, a concelleira Belén Villar debe explicar o tráfico de influencia ó que recurriu para amañar contratos coa empresa da súa irmá e o comportamento inaceptable ao chulearse por chourizarlle ao erario público oitocentos mil euros por parte do dono de Eiriña, o seu ex sefe.

Con relación ó Sr. González Solla, a investigación policial demostra que recibiu agasallos da empresa á cal lle facilitou a xestión do tratamento da planta potabilizadora de auga suxto antes de asinar o contrato por cen mil euros anuais.

Non estamos dirimindo responsabilidades penais, que iso corresponderalle aos tribunais de xustiza, pero si responsabilidades políticas por comportamentos impropios dos membros dun goberno.

Por todo isto, o BNG propón ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

o Pleno reproba á concelleira Belén Villar González e ó concelleiro Salvador González solla, pola súa implicación na trama de corrupción da “Operación Patos”, e ínstaos a presentar a súa dimisión como concelleiros desta Corporación.”.-

Se incorpora don Juan Carlos González Carrera.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, cando un político mete a mán, debe dimitir. Os tribunais dirimirán as consecuencias penais, pero aquí sí terán que dirimirse as políticas.

O SR. COSTAS VILA, dacordo coa moción. Non estou seguro si por polos delitos de corrupción, fora de ahí é cuestión de dignidade política.

O Sr. Solla recoñeceu agasallos de Aquagest e da Sra. Villar hai as escoitas telefónicas, aquí falta algo do Sr. Freitas que o engado aquí, non pediu disculpas polo comportamento no pasado pleno, é intolerable que un concelleiro agreda a un veciño no publico.

O SR. FREITAS, pedinlle disculpas ao Sr. Mario.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, sobre a moción do BNG, temos claro que o Pleno non é quen de derimir responsabilidades, o acordo non poderá ser así. Primeiro, presunción de inocencia.

¿Quen responde aos danados?, o digo porque fun sufridor desta situación, que espero que se revolva polo xulgado.

Non podemos opinar, non tivemos acceso a ningún expediente, na comisión dixeron que non tiñan documentación, e por outro lado non imos a entrar neste tipo de xuízos.

Detrás hai familias, amigos, non imos opinar.

Sr. Alcalde, algúns fan xestos e vostede non lle chama a atención.

Aplausos.

O SR. ALCALDE, pide respecto ao público.

A Xunta de goberno decidiu persoarse e dende que se derivou dende o xulgado de Vigo ao de Ponteareas, nos comunicaron persoarnos aquí.

A SRA. GARROTE REPRESAS, imputados hai en todos os partidos, aínda sen restarlle os danos que lle fan a clase política.

Aquí non hai imputacións, pero entendemos dende o PSOE que non facemos xuízos paralelos pero cuestionamos a xestión irregular do goberno anterior e que serán os membros do PP e sabendo o dano que lle poidan facer, deben decidir si reprobamos ou non.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, acusan antes de calquera imputación, de momento non estou imputado, dín supostos delitos cometidos por supostos responsables públicos de todos os partidos.

Acordaron pedir a dimisión ademais de persoarse e falan de comisión de investigación sen estar imputados, van rapidísimos.

O que sabemos é o que dixo a prensa, céntranse en supostos da ETAP, senda do Rio Tea e Centro de Día. O dí así a prensa.

O Fiscal di que se remite ao xulgado de Ponteareas e que non ten relación para nada co de Vigo, e todos o sabemos.

Curioso que estamos implicados e nos pidan asumir responsabilidades, outros imputados non dimiten, nin fixeron comisións de investigación que as rexeitaron.

Pidan responsabilidade ao Sr. Caballero e ao concello de Pontevedra.

Sra. Garrote, acusacións falsas: ETAP, decir que non foi o PP quen votou a ampliación do contrato, foi o pleno, e con todos os informes favorables e co seu voto a favor.

Os que votaron a favor tamén serán culpables.

Prediquen co exemplo, pidánlle tamén responsabilidade a seus compañeiros de partido.

En Pontevedra se investigan prórrogas de contratos de lixo, parques a empresa Cepsa, lle atribuen 14 enfuches ao BNG. Vigo tamén rexeitou comisión de investigación.

Como cambian, Sr, Represas, segun lle interesa, debía ter a mesma bara de medir, sexa responsable cos seus compañeiros.

Sería Bo, Sra. Garrote, que lle recordara a Besteiro ou ao alcalde de Lugo que dimitan. Dean leccións e pidan dimisións.

Estamos implicados non imputados.

Presumiron na páxina web do concello do programa do bipartito, e na prensa en gosto decían que dimitirían no caso de apertura de xuízo oral. Bara de medir?.

Si foran responsables por cumprir o que está ahí debían retirar este punto da orde do día e esperar a que a xustiza resolva. Desa responsabilidade que se falou, debería aplicarse aquí.

O SR. ALCALDE, leva mais de 12 minutos, intente rematar.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, deixeme defender, buscan facer ruido, xudicializar a política municipal, non buscan esclarecer feitos.

Eu sempre respetei e colaborei coa xustiza. Non dimitirei, non estou imputado, as cousas se fixeron ben, non vian aquí a enriquecerme, ninca enganei aos veciños, si vostede o fixo cando vendía preferentes e o dixo Garrote (que conste en acta). Vale todo, incluso quitarlle a denuncia.

Espero que o tempo me dea a razón, sempre o que fixen como Alcalde foi a favor dos veciños.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, aclarar,ten unha confusión, non é un acordo do goberno, é unha moción do BNG, outra cousa e o acordo do goberno.

Non confunda,son cousas diferentes.

Non vou referirme as insidias que dixo o PP contra a miña persoa nestes anos, os veciños puxeron a cada un no seu sitio.

O SR. ALCALDE pide silencio ao público, Sr. Vázquez non interumpa o pleno.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, a diferenza do seu caso,no caso que nos ocupa ten agravante de goberno de Ponteareas, nos representa a todos. Exercer a política con responsabilidade, que non se gañe diñeiro a conta de estafar aos cidadáns.

Falouse doutros concellos,queren desviar o tema.

O publico interrompe.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, fala de caso de enchufismo, o PP aquí neste tema, si o xulgan condenarían a presidio perpétuo.

Vd. non desmentiu nada, como á asistencia do partido a Madrid,.

Facilitar contratos por parte da teniente de Alcalde, será a xustiza quen derimirá as responsabilidades penais, pero politicamente sí as tiveron.Hai alguén que sendo ministro en Europa por 200 euros dimitiu.

En democracia cada pobo vota aos representantes que mellor o representan.

Eu non me sinto representada por un político que utiliza o seu cargo para beneficio propio. Se quere gañar diñeiro métase empresario e arrisque os seus cartos pero non os cartos dos que pagamos os impostos.

Somos de Ponteareas, e a xente de Ponteareas nos doe ser mais coñecidos fóra porque un goberno saltase pola ventá que polo Corpus.

A SRA.GARROTE REPRESAS,nos non presentamos a moción,pero dígollo claramente,a xustiza será quen o aclare.Dixen tamén doutros que nos fan dano a clase política.

Certo presunción de inocencia pero é certo que representaba ao pobo,fixo unha mala xestión neste caso,recoñeza agasallos.

Eu tiña traballo antes e depois,e non me fixeron o posto a dedo na Xunta.

SR. GONZÁLEZ SOLLA, non estou imputado. Votarán pero no 1º punto poñan “por estar implicados xa dimitan do goberno”

Aquí todos entraron por oposición.

Xa está ben.

Sr. Represas, di que é unha moción sua, por respecto a seus compañeiros debía retiralo.

Reitérome en todo, Aos políticos pásanos como a muller do César: non só hai que ser bos,tamén parecelo.

Vostede nin o é nin o parece.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

VOTACIÓN.-11 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea,1 EU), 6 votos en contra do PP, 2 abstencións de ACIP.

Na sua consecuencia queda aprobada a moción nos temos:

O Pleno reproba á concelleira Belén Villar González e ó concelleiro Salvador González solla, pola súa implicación na trama de corrupción da “Operación Patos”, e ínstaos a presentar a súa dimisión como concelleiros desta Corporación.”.-

Sendo as 00,27 horas polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesión do que eu, Secretaria accidental dou fe.-